

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE MARZO DE 2022

Ás 10:10 horas do día 17 de marzo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D^a. Begoña Arranz González, xefa de Limpeza por delegación de data 21.02.2022 (asiste ao punto 1a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2a, 4a, 5a, 5b, 6a e 6b)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5c, 5d, 6c, 9a, 10a e 10b)
D. Ignacio Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2b e 4b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) (ampliación do prazo de emisión do informe de valoración do sobre B)

Retírase este asunto da orde do día a pedimento do servizo xestor.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do IME Miguel Servet para escola infantil municipal" (1.145-441)



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.
 2. CONSTRUCCIONES OREGA
 3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 4. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 5. ORECO, S.A.U.
 6. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral no novo prazo de presentación de ofertas tras a Resolución nº 266/2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AURORA PILAR Y ANA, S.L.
 2. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
 3. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do IME Miguel Servet para escola infantil municipal" (1.145-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:28	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía, o enxeñeiro industrial do programa Next Generation UE e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 8 de marzo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión e Proxectos e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 8 de marzo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes o 14 de marzo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:28	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333) (informe corrixido)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 11 de marzo de 2022 de corrección do informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" (no referente aos requisitos de presentación) que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	UTE CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. - IZCON MODEL, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)	2.296.766,34 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	2.453.380,91 €
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	2.310.869,08 €
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	2.320.270,90 €
5	ORECO, S.A.U.	2.251.983,97 €
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)	2.221.304,34 €
7	PROYECON GALICIA, S.A.	2.000.000,00 €
8	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	2.306.000,00 €
9	UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA (percentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)	2.134.506,11 €
10	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS - CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS OREGA, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)	2.265.591,88 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:28	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asisten á apertura D^a. Adoración García Navarro, con DNI ****.*33.25***, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Santiago Daniel Tasayco Tasayco con DNI ****.*99.52***, en representación de Citanias Obras y Servicios, S.L.U.; D^a Lara Alcalde Balado, con DNI número ****.*07.82***, en representación da Federación Gallega de la Construcción; e D^a. Marta Soto Docampo, con DNI ****.*79.12***, en representación de IZCON MODEL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración das proposicións ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	801.485,09 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	793.745,11 €
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	815.000,00 €
4	NAROM, S.L.	853.680,36 €
5	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	849.314,21 €
6	ORECO, S.A.U.	811.904,29 €
7	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	780.249,75 €
8	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. - CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	869.550,00 €
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	798.805,86 €

Asisten á apertura D. Santiago Daniel Tasayco Tasayco con DNI ****.*99.52***, en representación de Citanias Obras y Servicios, S.L.U.; D^a Lara Alcalde Balado, con DNI número ****.*07.82***, en representación da Federación Gallega de la Construcción; e D. Felipe Carrascosa Hernández, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración das proposicións ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:28	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	% de desconto a aplicar ao termo variable da enerxía térmica útil segundo o tipo de tarifa que lle corresponda a cada instalación (prezo unitario sen IVE)	Prezo sen IVE do termo fixo (mantemento total) previsto no apartado 3A desta FEC	% de desconto a aplicar sobre o prezo unitario máximo para a facturación da enerxía solar térmica (PST) (prezo unitario sen IVE)
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	10,78%	95.290,49 €	90%

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da proposición ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo o 11 de marzo de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación así como o informe que corrixe o anterior de data 15 de marzo. A Mesa acepta por unanimidade, o informe corrixido.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:28	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	TEAM RELAY, S.L.	90,00
2	321GO EVENTOS, S.L.	79,02

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/05/2024 17:28

Páxina 7 de 7

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A7AE48-EAB9B4-2C3HE5-FUG4NS-3UBJGB-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>